

## **Acta da Sesión Ordinaria da Comisión Calidade do 14 de novembro de 2014**

### **Asistentes:**

Aneiros Pereira, Jaime

Arias Martínez, María Antonia

Fernández Acevedo, Rafael

Gómez Villaverde, Raúl

Muleiro Parada, Luis

Orge Míguez, José Carlos

Pita Grandal, Ana María

Torres Pérez, Francisco José

**Excusan a súa asistencia:** Araújo Fernández, Isaac Borja, Pillado González, Esther; Guerrero Gesteira, Isabel; Rodríguez Rodríguez, Emma

Da comezo a reunión sendo as 13:40 da mañá co seguinte orde do día:

- 1. Lectura e aprobación, se procede, de actas da sesión anterior.**
- 2. Informes da Sra. Decana.**
- 3. Aprobación, se procede, dos Informes de Coordinación do Máster en Dereito de Empresa, Máster en Avogacía, e Máster en Xestión e Dirección Laboral**
- 3 bis. Aprobación, se procede, da Normativa de composición e funcionamento de Coordinación do Máster Universitario en Avogacía pola Universidade de Vigo.**
- 4. Aprobación, se procede, da Política e Obxectivos de Calidade para o curso 2014/2015.**
- 5. Aprobación, se procede, do Plan Operativo de Información Pública.**
- 6. Aprobación, se procede, do Informe Anual de Resultados.**
- 7. Rolda aberta de intervencións.**

---

### **1.- Lectura e aprobación, se procede, de actas de sesións anteriores**

No cadro de coordinadores de titulacións incorporado na acta da reunión anterior falta o nome de Luis Muleiro Parada. Advírtese do erro para corríxilo e apróbase a acta da reunión anterior.

## **2.- Informes da Decana.**

2.1.- A Decana solicita que se confirme coa coordinadora do Máster en Xestión e Dirección Laboral si todo vai correctamente no proceso documental relativo a tal titulación.

**Compromiso:** Durante a próxima semana o Coordinador porase en contacto coa coordinadora para aclarar estas dúbidas.

2.2.- O Coordinador, Francisco Torres, informa que o Director da Área de Calidade lle informou telefonicamente hoxe mesmo que o grao en RRL e RRHH posiblemente no vai poder ser acreditado. O motivo é que a Consellería, a diferenza do criterio seguido pola ACSUG e a propia Universidade, considera que os graos non poden ser acreditados voluntariamente si foron obxecto de modificación. En todo caso, o luns 17 hai prevista unha reunión en Santiago de Compostela para decidir a cuestión.

2.3.- Como documento de traballo, xuntase fotocopiado polo coordinador un resumo de tódolos procedementos existentes a nivel de calidade co seu obxecto, finalidade e procesos adscritos. A idea proposta desde o Área de Calidade é que tódolos procedementos teñan unha persoa responsable pertencente ou non a Comisión. Tal persoa debería coñecer o procedemento, controlar o seu cumprimento e impulsar melloras.

**Compromiso:** O documento de traballo presentado queda como esquema de consulta para as persoas da comisión e pode servir de base para unha futura discusión sobre o tema.

## **3. Aprobación, se procede, dos Informes de Coordinación do Máster en Dereito de Empresa, Máster en Avogacía, e Máster en Xestión e Dirección Laboral**

Apróbanse tódolos informes indicados por asentimento

## **3 bis. Aprobación, se procede, da Normativa de composición e funcionamento de Coordinación do Máster Universitario en Avogacía pola Universidade de Vigo.**

A coordinadora do Máster en Avogacía en Vigo e Pontevedra, María Antonia Arias, fai referencia a necesidade desta normativa para a mellora deste título. Dita normativa foi consensuada nun grupo de traballo composto por integrantes das dúas Facultades e xa foi aprobada na Comisión de Calidade da Facultade de Dereito de Ourense.

Apróbase por asentimento.

## **4. Aprobación, se procede, da Política e Obxectivos de Calidade para o curso 2014/2015.**

O Coordinador explica que, asesorados pola Área de Calidade, téñense reformulado algúns dos obxectivos con respecto ao anterior plan así como corrixidos algúns defectos de carácter técnico.

Apróbase por asentimento.

#### **5. Aprobación, se procede, do Plan Operativo de Información Pública.**

Este novo documento compila toda a información pública que deberá facer o Centro así como as canles de transmisión.

Apróbase por asentimento.

#### **6. Aprobación, se procede, do Informe Anual de Resultados.**

O Coordinador indica que o Informe anual relativo ao curso 2013/2014 é un dos documentos mais relevantes a efectos e certificación (tal e como lle teñen indicado desde o Área de Calidade). Por tal motivo, no presente ano tense elaborado un informe o mais completo, visual e ordenado posible. Téñense tomado como referencias formais os informes da Escola de Telecomunicacións, da Facultade de Bioloxía e de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo.

Ademais, insístese desde a Área de Calidade que deberá de dárselle unha difusión específica a este documento vía páxina web, xunta de facultade e, incluso, unha presentación do mesmo ao alumnado e calquera interesado.

Apróbase por asentimento.

#### **7. Rolda aberta de intervencións.**

A Decana agradece a Rafael Fernández Acevedo o ter aceptado o posto de Coordinador do Grao en RRL e RRHH.

Así mesmo fai extensivo dito agradecemento a tódolos coordinadores de titulacións pero en especial a Jaime Aneiros e ao Coordinador de Calidade pola súa intervención na política de calidade do Centro.

A Coordinadora do Máster en Avogacía en Vigo e Pontevedra, María Antonia Arias, plantexa a posibilidade de que as enquisas de satisfacción sobre tal titulación se fagan unha vez cursados os 90 créditos. O sistema actual considérase prexudicial.

**Compromiso:** solicitar información a Área de Calidade sobre esta cuestión.

**Prazo de execución:** 21 de novembro.

Non habendo mais intervencións, levántase a sesión as 14:45 do día sinalado, do que dou fe como secretario.

O Secretario

Visto e prace

Francisco José Torres Pérez

Ana María Pita Grandal

Coordinador de Calidade

Decana